

Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xaneiro 2006

COMUNICADO

O gasto medio por persoa e día e o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros creceu en xaneiro de 2006.

O gasto medio por persoa e día dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia creceu en xaneiro de 2006 un 3,0% en relación ao mesmo mes do ano anterior.

Cun importe de 117,1 euros, o gasto medio por persoa e día creceu, en termos correntes, un 3,0% en xaneiro de 2006 con respecto ao mesmo período do ano anterior.

Atendendo ao tipo de gasto, rexistran crecementos interanuais positivos todos os gastos agás os gastos en compras, que representan un 9,4% do total. O gasto en aloxamento creceu un 7,4%, o gasto en comida un 0,5%, o gasto en desprazamentos un 15,7%, o gasto en ocio un 14,1% e os outros gastos un 83,9%. Os gastos en compras descenderon un 26,2%.

O gasto total dos viaxeiros creceu un 36,4% en xaneiro de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.


Como resultado do incremento que tamén experimentaron as pernoitas efectuadas nestes establecementos, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros en xaneiro de 2006, que ascendeu a 19,9 millóns de euros, aumentou un 36,4% con respecto ao gasto rexistrado en xaneiro de 2005 en termos correntes. En termos de datos corrixidos de efecto calendario a taxa interanual situouse nun 38,3%.

Por tipos de gasto, o comportamento é similar ao rexistrado no gasto medio por persoa e día, aínda que con taxas mais elevadas. Así, o gasto en aloxamento creceu un 42,2%, o gasto comida un 33,1%, o gasto en desprazamentos un 53,2%, o gasto en ocio un 51,1% e os outros gastos un 143,6%. Os gastos en compras descenderon un 2,2%,

Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xaneiro 2006

	Dato. Euros	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto medio por persoa e día	117,1	3,0%	3,0%
Gasto total	19.872.165	36,4%	36,4%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total		38,3%	38,3%

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es